

# I.E.S. Rafael Dieste

INFORMACIÓN ÓS ALUMN@S DE 4º E.S.O.  
Curso 2018 - 2019



## TITULACIÓN NA E.S.O.

*Para a OBTENCIÓN do TÍTULO de Graduado en E.S.O requirirase:*

*Ter avaliación positiva en todas as materias, ou negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente*

*Lingua Galega e Literatura e Matemáticas,  
ou  
Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.*

*A estes efectos:*

- a) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.*
- b) Sen prexuízo do anterior, para obter o título **será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.***

**A efectos de titulación,** o equipo docente do IES Rafael Dieste considerara que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias se obten unha cualificación superior a cinco en todas as materias ou, en caso de obter cualificación negativa nun máximo de dúas materias, se cumpre algún dos seguintes requisitos:

- Que o alumno ou a alumna obteña unha **cualificación mínima de tres puntos** nas materias non superadas e a **valoración positiva da maioría simple** do equipo docente, ou
- Se obtivese unha cualificación **inferior a tres puntos** nalgunha das materias non superadas, requirirá a valoración positiva dunha **fracción superior aos dous terzos** do equipo docente.

# O BACHARELATO

## Organización, Promoción e Titulación

- Poderá acceder aos estudos de Bacharelato o alumnado que esté en posesión do título da E.S.O.
- O Bacharelato constará de dous cursos, e o alumnado poderá permanecer cursando esta etapa 4 cursos no réxime ordinario. Poderase solicitar a anulación de matrícula á Dirección do Centro antes do 30 de abril, xustificando as circunstancias que motivan a petición.
- Existen TRES MODALIDADES de Bacharelato: Ciencias, Humanidades e C.Sociais e Artes.
- Terá PROMOCION de 1º a 2º de Bac. o alumnado que supere tódalas materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- **OBTERASE A TITULACIÓN DE BACHARELATO CANDO SE OBTEÑA AVALIACIÓN POSITIVA EN TODAS AS MATERIAS DOS DOUS CURSOS.**
- Poderase REPETIR cada un dos cursos de Bac. unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderá repetirse un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo decente.
- Os alumnos e alumnas que ao termo do 2º curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias, poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou ben optar por repetir o curso completo.
- CONTINUIDADE entre materias de Bacharelato : A superación das materias de 2º curso estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º, tal e como se indica no cadro adxunto.

## Continuidade entre materias de Bacharelato

1º curso Bac.	2º curso Bac.
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura II
Matemáticas I	Matemáticas II
Primeira Língua Estranxeira I	Primeira Língua Estranxeira II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Latín I	Latín II
Grego I	Grego II
Matemáticas Aplicadas ás C. Sociais I	Matemáticas Aplicadas ás C. Sociais II
Fundamentos da Arte I	Fundamentos da Arte II
Cultura Audiovisual I	Cultura Audiovisual II
Análise Musical I	Análise Musical II
Debuxo Artístico I	Debuxo Artístico II
Segunda Língua Estranxeira I	Segunda Língua Estranxeira II
Tecnoloxía Industrial I	Tecnoloxía Industrial II
T.I.C. I	T.I.C. II
Física e Química	Física / Química
Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía / Xeoloxía

- O alumnado poderá matricularse da materia de 2º curso sen cursar a correspondente de 1º, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúnen as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

- En caso contrario deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que se terá promoción a segundo.

- O CAMBIO DE MODALIDADE conlevará cursar materias do curso anterior correspondentes á nova modalidade elixida.

**IES RAFAEL DIESTE. ITINERARIOS DE 1º BACHARELATO**  
(Curso 2019-20)

MODALIDADES		CIENCIAS	C.SOCIAIS	HUMANIDADES	
<b>MATERIAS TRONCAIS XERAIS</b>		Língua Castelá e Literatura I (3h) Língua Galega e Literatura I (3h) Filosofía (3h) Inglés I (3h) Educación Física (2h)			
		Matemáticas I (4h)	Matemát. Aplicadas ás CC.SS. I (4h)	Latín I (4h)	
<b>MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN</b>  ( 8 h. )		<b>OPCIÓN A</b>  -Bioloxía e Xeol. (4h)  -Fís. e Química (4h)	<b>OPCIÓN B</b>  -Debuxo Técnico (4h)  -Fís. e Química (4h)	<b>C.SOCIAIS</b>  -Economía (4h)  -Hª Mundo Cont. (4h)	<b>HUMANIDADES</b> <u>Elixir 2 materias</u>  <input type="checkbox"/> Grego I (4h) <input type="checkbox"/> Hª Mun Cont (4h) <input type="checkbox"/> Literat. Univ. (4h)
<b>MATERIAS ESPECÍFICAS</b>	Elixir un total de 6 horas.  Máximo 3 Materias, das cales, ao menos 2, deben ser Específicas.  ( 2h + 2h + 2h )	<input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial I (3h) <input type="checkbox"/> Linguaxe e Prác. Musical(3h) <input type="checkbox"/> Anatomía. (3h) <input type="checkbox"/> TIC (2h) <input type="checkbox"/> Cultura Científica (2h) <input type="checkbox"/> Francés (2h) <input type="checkbox"/> Relixións (1h)		<input type="checkbox"/> Linguaxe e Práctica Musical (3h) <input type="checkbox"/> TIC (2h) <input type="checkbox"/> Cultura Científica (2h) <input type="checkbox"/> Francés (2h) <input type="checkbox"/> Relixións (1h)	
<b>Materias de Libre Configuración</b>	( 3h + 2h + 1h )	<input type="checkbox"/> Fundamentos Léxicos da Ciencia e da Téc. (1h) <input type="checkbox"/> Debate de Actualidade (1h)			

**IES RAFAEL DIESTE. ITINERARIOS DE 2º BACHARELATO**  
(Curso 2019-20)

MODALIDADES		CIENCIAS		C.SOCIAIS	HUMANIDADES
<b>MATERIAS TRONCAIS XERAIS</b>		Língua Castelá e Literatura II (3h) Língua Galega e Literatura II (3h) Historia de España (3h) Inglés II (3h)			
		Matemáticas II (4h)	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II (4h)	Latín II (4h)	
<b>MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN</b>	Total 8 horas	<input type="checkbox"/> <b>OPCIÓN A</b>  -Bioloxía (4h)  Química (4h)	<input type="checkbox"/> <b>OPCIÓN B</b>  -Debuxo Técnico II (4h)  -Física (4h)	<input type="checkbox"/> <b>C.SOCIAIS</b> - Hª.da Filosofía(4h) <input type="checkbox"/> Economía de Empresa (4h) <input type="checkbox"/> Xeografía (4h)	<input type="checkbox"/> <b>HUMANIDADES</b> - Hª da Filosofía (4h) <input type="checkbox"/> Grego II (4h) <input type="checkbox"/> Hª da Arte (4h)
Elixir 3 MATERIAS das cales 2 deben ser Materias Específicas.  4h +3h + 1h Ou 3 h+ 3h + 2h	<b>MATERIAS ESPECÍFICAS</b>  (* ) Por cuestións organizativas <b>TIC II e Métodos Est.</b> deben escollerse xuntas + outra materia de 3h.	<input type="checkbox"/> Física (4h) <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Química (4h) <input type="checkbox"/> Xeoloxía (4h) <input type="checkbox"/> Hªda Filos. (4h)  (Pódese elixir unha como específica)	<input type="checkbox"/> Historia da Arte (4h) <input type="checkbox"/> Xeografía (4h)  (Pódese elixir unha como específica)		
		<input type="checkbox"/> C. da Terra e do Medio Ambiente (3h) <input type="checkbox"/> Francés II (3h) <input type="checkbox"/> Historia da Musica e da Danza (3h) <input type="checkbox"/> TIC II (3h) (*) <input type="checkbox"/> Psicoloxía (3h) <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial II (3h) <input type="checkbox"/> Relixión (1h)	<input type="checkbox"/> Francés II (3h) <input type="checkbox"/> Historia da Musica e da Danza (3h) <input type="checkbox"/> TIC II (3h) (*) <input type="checkbox"/> Psicoloxía (3h) <input type="checkbox"/> Relixión (1h)		
	<b>Materias Libre Configuración</b>	<input type="checkbox"/> Métodos.Estadísticos.e Numéricos.(2h) (*) <input type="checkbox"/> Educación . Física (1h) <input type="checkbox"/> Pract..Comentario deTexto(1h)			

## AS TITULACIÓN S UNIVERSITARIAS

Para ACCÉDER ós estudos de GRAO na Universidade hai que superar as Probas de Acceso (ABAU) unha vez finalizado o BACHARELATO, ou estar en posesión do Título de TÉCNICO SUPERIOR de F.P. (neste caso accederase coa nota media do Ciclo Superior, podendo realizarse a Parte Voluntaria da ABAU co fin de mellorar a nota de acceso se así se considera).

### A AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (A.B.A.U.)

A nota de acceso ao sistema universitario calcúlase a partir da nota media acadada no Bacharelato (60%) e da ABAU (40%).

A Proba de Avaliación para o acceso á Universidade ten dúas partes: unha OBRIGATORIA e outra VOLUNTARIA.

A parte OBRIGATORIA consta de 5 exames das Materias Troncais do 2º de Bacharelato que se curse.

A parte VOLUNTARIA realízase para poder mellorar a cualificación obtida na parte obrigatoria. Consiste na realización de varios exames doutras asignaturas de 2º de BAC.

Tódolos Graos Universitarios indican, para o seu acceso, un número de ASIGNATURAS DETERMINADAS NAS QUE A CUALIFICACIÓN ACADADA NA ABAU PODE VERSE INCREMENTADA POR FACTORES DE PONDERACIÓN ( 0,1 ou 0,2 ).

Como as asignaturas da opción que escollas en 1º de BAC, vai a condicionar tamén o 2º curso, é aconsellable que consultes:

PONDERACIÓN S e NOTAS DE CORTE ( ciug.gal )

A oferta pública de TITULACIÓN S UNIVERSITARIAS en Galicia concéntrase nas tres universidades existentes (ademais da UNED e Centros Privados).

- Univ. da Coruña (Campus da Coruña e Ferrol): [www.udc.gal](http://www.udc.gal)
- Univ. de Santiago (Campus de Santiago e Lugo): [www.usc.gal](http://www.usc.gal)
- Univ. de Vigo (Campus en Vigo, Pontevedra e Ourense): [www.uvigo.gal](http://www.uvigo.gal)

# A FORMACIÓN PROFESIONAL (FP)

## Ciclos Medios (CM) e Ciclos Superiores (CS)

As ensinanzas de FP organízanse en : F.P. Básica, Ciclos Formativos de Grao Medio e Ciclos Formativos de Grao Superior.

Todos os ciclos formativos teñen estrutura modular (os Módulos serían as súas “asignaturas”) e a finalidade primordial deles é o da preparación para o exercicio cualificado dunha profesión. Existen módulos que se cursan no Centro Educativo, e outros nos Centros de Traballo (empresas concertadas).

### Para ACCEDER A UN CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO (C.M.):

- Hai que ter acadado o Título de Graduado en E.S.O, ou
- Acceder mediante PROBA (requisito para poder realizar a proba: cumprir 17 anos no ano de inicio do Ciclo).

### Para ACCEDER A UN CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR (C.S.):

- Hai que ter acadado o título de Bacharelato.
- Accédese directamente tendo cursado un Ciclo de Grao Medio.
- Pédeuse acceder mediante PROBA (pode realizarse se se cumpren 19 anos no ano de inicio do Ciclo).

Existen criterios de prioridade para acceder dende o Bacharelato aos C.S. **EN CASO DE LÍMITE DE PRAZAS:** media e modalidade de Bacharelato, e incluso que fose cursada unha asignatura considerada preferente.

A titulación de Técnico Superior permite acceder DIRECTAMENTE ós estudos universitarios coa Nota Media do Ciclo Formativo. Si se quere acceder a graos universitarios con límite de prazas, debe realizarse a Parte Específica da ABAU.

(Toda a Información en <http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-universidade> )

### RESERVA para ALUMN@S con NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Existe unha reserva do total dos postos escolares para o alumnado que acredite ter unha discapacidade.

Páxina WEB que contén toda a información sobre a FP:

**[www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)**

- Catálogo de Familias Profesionais: FPB, C.M. e C.S.
- Lugares e Centros onde se Cursan
- Criterios de Admisión
- Probas de Acceso (materiais para preparamos, probas anteriores).
- Acceso á Universidade dende a FP.

## OFERTA DE CICLOS FORMATIVOS (A Coruña)

Concello	Centro	Ciclo
Coruña, A	<b>IES Calvo Sotelo</b>	<b>C.M. Impresión en Artes Gráficas</b> <b>C.M. Preimpresión Dixital</b> <b>C.M. Instalacións Eléctricas e Autom.</b> <b>C.M. Soldadura e Caldeiraría</b> <b>C.M. Instalación e Amoblamento</b> <b>C.M. Mecanizado</b>
	<b>IES Eusebio da Guarda</b>	C.S. Axencia de Viaxes e Xest. Eventos C.S. Guía Informac. Asistenc. Turística
	<b>IES Agra do Orzán</b>	C.S. Animación Act. Físico-Deportiva
	<b>IES Ramón Menendez P. (Zalaeta)</b>	<b>C.M. Comercio</b> C.S. Comercio Internacional C.S. Xestión Comercial e Márketing
	<b>IES Urbano Lugrís (Politécnico)</b>	<b>C.M. Instalac. de Telecomunicacións</b> <b>C.M. Mantenimento Electromecánico</b> C.S. Automatización e Robótica Indust. C.S. Mantemento Electrónico C.S. Sist. Electrotec. e Automatizados C.S. Sist. Telecomunicación Informát.
	<b>IES Fernando Wirtz</b>	<b>C.M. Xestión Administrativa</b> <b>C.M. Sist. Microinformáticos e Redes</b> C.S. Administración e Finanzas C.S. Secretariado C.S. Desenvol. Aplic. Multiplataforma C.S. Adm. Sist. Informáticos en Rede
	<b>Anxel Casal-Monte Alto</b>	<b>C.M. Coidados Aux. de Enfermaría</b> <b>C.M. Farmacia e Parafarmacia</b> <b>C.M. Atenc. Persoas Dependentes</b> C.S. Anatomía Patolóxica e Citoloxía C.S. Animación Sociocultural C.S. Audioloxía Protésica C.S. Dietética C.S. Educación Infantil C.S. Hixiene Bucodental C.S. Imaxe para o Diagnóstico C.S. Integración Social C.S. Interpretación Lingua de Signos C.S. Laborat. de Diagnóstico Clínico C.S. Próteses Dentais C.S. Radioterapia C.S. Saúde Ambiental



<b>A Coruña</b>	<b>Someso</b>	<b>C.M. Soldadura e Caldeiraría</b> <b>C.M. Estética Persoal e Decorativa</b> <b>C.M. Peiteado e Cosmética Capilar</b> <b>C.M. Carpintaría e Moble</b> <b>C.M. Carrozaria</b> <b>C.M. Electromecánica de Vehículos</b> <b>C.M. Mecanizado</b> C.S. Automoción C.S. Construcións Metálicas C.S. Estética Integral e Benestar C.S. Estilismo e Dirección de Peiteado C.S. Deseño e Amoblamento C.S. Programación da Producción en Fabricación Mecánica C.S. Proxectos de Edificación. C.S. Proxectos de Obra Civil C.S. Realizacións de Plans de Obra
	<b>IES A Sardiñeira</b>	<b>C.M. Laboratorio</b> C.S. Química Industrial C.S. Lab. Análise e Control Calidade
	<b>IES Imaxe e Son</b>	C.S. Animacións 3D, xogos e contornos Interactivos. C,S, Iluminación, captac. e tto de imaxe C.S. Producción de Audiov. e Espectác. C.S. Realización de proxec. Audiovis. C.S. Son para Audiov. e Espectáculos
	<b>IES Paseo das Pontes</b>	<b>C.M. Cociña e Gastronomía</b> <b>C.M. Confección e Moda</b> <b>C.M. Elaborac. Productos Aliment.</b> <b>C.M. Servizos de Restauración.</b> C.S. Dirección de Cociña C.S. Direc. Servizos Restauración C.S. Patronaxe e Moda C.S. Proc.e Calidade na Indust. Aliment.
<b>A Coruña</b> (Concertados)	<b>CPR //Afundación (CPR Novacaixagalicia)</b>	C.S. Administración e Finanzas C.S. Secretariado C.S. Desenv. Aplicac. Multiplataforma
	<b>CPR Cervantes</b>	<b>CM. Xestión Administrativa</b>
	<b>CPR Cruz Roja Española</b>	<b>CM. Coidados Auxil. de Enfermaría</b> <b>C.M. Farmacia e Parafarmacia</b> CS. Imaxe para o Diagnóstico
	<b>CPR Fogar Sta. Margarida</b>	<b>CM. Comercio</b>
	<b>CPR Karbo</b>	<b>CM. Xestión Administrativa</b>
	<b>CPR Grande Obra Atocha</b>	<b>CM. Xestión Administrativa</b>
	<b>CPR Liceo La Paz</b>	<b>CM. Coidados Auxiliares Enfermaría</b> <b>CM. Xestión Administrativa</b>
	<b>CPR López y Vicuña</b>	<b>CM. Xestión Administrativa</b> CS. Educación Infantil
	<b>CPR Nebrija-Torre de Hércules.</b>	<b>CM. Xestión Administrativa</b> <b>C.M. Comercio</b> <b>C.M. Coidados Aux. de Enfermaría</b>

		<b>C.M. Farmacia e Parafarmacia</b>
<b>Culleredo</b>	<b>IES Crucero Baleares</b> (Univ.Laboral do Burgo)	<b>C.M. Instalacións de Telecomunic.</b> <b>C.M. Inst. Eléctricas e Automáticas</b> <b>C.M. Inst. Frigoríficas e de Climatiz.</b> <b>C.M. Mantemento e Control de Maquinaria de Buques.</b> <b>C.M. Navegación e Pesca de Litoral</b> C.S. Animación Act. Físico - Deport. C.S. Desev. Prox. de instalacións Térmicas e de Fluidos. C.S. Eficiencia Enerxética-Enerxía Solar C.S. Enerxías Renovables. C.S. Mantemento de Instalacións Térmicas e de Fluidos. C.S. Mantemento Electrónico. C.S. Prevenc. de Riscos Profesionais C.S. Sistemas Electrotécnicos e Autm. C.S. Transporte Marítimo e Pesca de Altura. C.S. Organ. E Manten. de Maquinaria de Buques e Embarcacións.

**CENTROS DE ENSEÑANZAS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO**  
**(A CORUÑA)**

**ESCOLA DE ARTE SUPERIOR E DESEÑO "PABLO PICASSO"**

Rúa Pelamios,2. 15001. A Coruña. Telf.: 981.22.53.96.

<b>Ciclo Medio : DOURADO E POLICROMÍA ARTÍSTICA</b>
<b>Ciclo Sup. : ARTES APLICADAS DA ESCULTURA</b>
<b>Ciclo Sup. : FOTOGRAFÍA ARTÍSTICA</b>
<b>Ciclo Sup. : ILUSTRACIÓN</b>

<b>ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO</b>
<b>Deseño de Interiores.</b>
<b>Deseño Gráfico.</b>

**RECORDADE QUE NESTA RELACIÓN DE CICLOS FORMATIVOS DE F.P. FIGURAN ÚNICAMENTE OS QUE SE IMPARTEN EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.**

**EXISTEN OUTROS CICLOS DE FP, INCLUSO NALGÚNS DOS CENTROS INCLUIDOS NA RELACION ANTERIOR, QUE NON ESTÁN CONCERTADOS**

**OPCIONES DENDE 4º DE E.S.O.**

